



# ***Un modelo de movemento asociativo do maxisterio durante a segunda república: A casa del maestro de Pontevedra (1934-1936)***

***(Teachers' unions in the Second Republic: the Casa del Maestro, Pontevedra (1934-1936))***

Ángel Serafín PORTO UCHA  
Universidade de Santiago de Compostela

Raquel VÁZQUEZ RAMIL  
Universidade de Valladolid

**RESUMO:** A denominada *Casa del Maestro* de Pontevedra foi unha asociación de mestres e mestras, que entre 1934 e 1936 chegou a contar con mais de mil asociados.<sup>1</sup> O grosso da documentación, incautada durante a Guerra Civil polas instancias franquistas, salvouse milagrosamente e foi depositada no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP). Tánben se conservou case íntegra unha colección do seu órgano de difusión, a revista *Escuela Vivida*, depositada no Museo de Pontevedra.<sup>2</sup>

Presentamos unha análise da breve, aínda que frutífera, vida desta senlleira asociación pontevedresa, que coincidiu no tempo con outras de rango nacional, ou mesmo, a nivel local, coa Asociación de Traballadores do Ensino, da FETE-UGT, tamén coñecida como ATE-Vigo, fortemente represaliada naqueles aciagos días.

**PALABRAS CHAVE:** sindicalismo, movemento asociativo, *Casa del Maestro*, profesionalización do Maxisterio, depuración docente.

**ABSTRACT:** During its short lifetime, the *Casa del Maestro* primary school teachers' association in Pontevedra amassed a membership of over one thousand men and women. Miraculously, most of the association's papers, which were seized during the Civil War by the

<sup>1</sup> Temos contabilizados mil trinta e tres asociados e asociadas, dos que demos conta en diferentes traballos e, sobranceiramente, en: Ángel Serafín Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil, *Organización Societaria e Depuración do Maxisterio: A Casa del Maestro de Pontevedra (1934-1936)*, (Santiago de Compostela: Fundación Luis Tilve, 2019).

<sup>2</sup> Ángel Serafín Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil, "La prensa pedagógica en Galicia durante la II República: Escuela Vivida, órgano de la asociación Casa del Maestro de Pontevedra", en *Prensa pedagógica y patrimonio histórico educativo: contribuciones desde la Europa mediterránea e Iberoamérica*, coord. José M. Hernández Díaz (Salamanca: Universidad de Salamanca, 2013), 301-313.

Francoist authorities, have survived and are now held at the Pontevedra Provincial Historical Archive, while the Museum of Pontevedra is home to an almost complete collection of its official organ, Escuela Vivida. This article examines the brief but fruitful life of this unique association of teachers, and the repression suffered by its members and other contemporary national and local organisations, such as the Spanish Federation of Education Workers (FETE-UGT) and the Association of Education Workers of Vigo (ATE-Vigo).

KEY WORDS: unionism; associative movement; Casa del Maestro; professionalisation of teaching; purge of teachers.

## Os inicios do movemento societario

Nun artigo publicado en *Sarmiento*, precisaba hai uns vinte anos Aida Terrón Abad que a actividade societaria e sindical constitúe “unha dimensión indisociábel ao proceso de profesionalización» que o oficio de mestre foi experimentando ao longo do século XIX e comezos do XX, até converterse nunha «carreira do Estado».<sup>3</sup> A tradicional dependencia dos concellos e as variadas situacións administrativas e salariais están na base deste proceso, ligadas a unha moi feble rede escolar pública. Con Romanones no Ministerio de Instrucción Pública, en xuño de 1901, aparece a *Asociación Nacional del Magisterio Primario*, á que se van unindo as distintas asociacións locais e provinciais. A tarefa da *Asociación Nacional* será fundamentalmente de «protección e mutualismo»,<sup>4</sup> aínda que entre as súas pretensiós estaba tamén a mellora da condición social e cultural dos mestres e a resolución dos problemas pedagógicos.

En Galicia, o último terzo do século XIX coincidiu co xermolo do asociacionismo do maxisterio. A loita pola dignificación profesional centrouse arredor de publicacións, como a revista *La Instrucción* de Ourense ou *El Magisterio Gallego* de Santiago.<sup>5</sup> En 1886 constituíuse en Pontevedra a Asociación Pedagógica de Mestres, organizadora do Congreso Rexional de 1887, terceiro dos realizados en España, despois do Congreso Nacional Pedagógico de Madrid de 1882 e do Congreso da Asociación de Mestres de Valencia de 1886.<sup>6</sup> Posteriormente, tiveron lugar a Asemblea e Exposición Escolar de Pontevedra de 1893 (á que concorreu o maxisterio das provincias de Oviedo, León e as catro provincias galegas), e o Certame Pedagógico de 1894, convocado en Pontevedra pola redacción do

<sup>3</sup> Aida Terrón Abad, “Cien años de defensa colectiva: la dinámica societaria y sindical del Magisterio Español”, *Sarmiento. Anuario Galego de Historia de la Educación*, n.º 3 (1999): 279-299.

<sup>4</sup> Antonio Molero Pintado (dir.), *Ciento cincuenta años de perfeccionamiento del Magisterio en España (desde las academias de profesores a la creación de los CEPs, 1840-1984)*. (Madrid: Universidad de Alcalá de Henares, 1984): 75.

<sup>5</sup> Antón Costa Rico proporcionou datos importantes sobre o tema; véxase a voz “Magisterio”, en *Gran Encyclopédia Gallega*, (Xixón, Silverio Cañada; 1974), t. XX, 42-50. Tamén aborda a cuestión en “Profesores que se organizan: societarismo, sindicalismo e acción política”, *Escolas e Mestres. A Educación en Galicia: Da Restauración á Segunda República*, (Santiago de Compostela: Servicio Central de Publicacións, Consellería da Presidencia e Administración Pública, 1989): 273-303, e en *Historia da educación e da cultura en Galicia*, (Vigo, Xerais: 2004).

<sup>6</sup> Ángel Serafín Porto Ucha, “Presencia de Galicia en los Congresos Pedagógicos”, *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*. (Sada-A Coruña, Edicións do Castro: 1986): 141 e ss.

xornal *El Noticiero Gallego*, órgano do Maxisterio provincial. Xa nos comezos do século XX houbo un significativo número de asembleas provinciais para defender os intereses profesionais do maxisterio; e en 1918 constitúise en Santiago a Federación das Asociacións de Galicia.

Os movementos asociativos decaeron durante a Ditadura de Primo de Rivera.<sup>7</sup> A chegada da Segunda República marcou un novo impulso, progresista e dinámico, coa creación das seccións locais en Galicia da Federación Española de Traballadores do Ensino (FETE). En Ourense creábase ATEO<sup>8</sup> (Asociación de Traballadores do Ensino en Ourense), co seu correspondente órgano de expresión, *ATEO*, revista mensual editada pola Asociación, que substituíu ao anterior voceiro *Escuela del Trabajo*. Xunto á dinámica desenvolvida polas distintas Asociacións de Traballadores do Ensino,<sup>9</sup> seguiron funcionando tamén as asociacións tradicionais do maxisterio primario, de carácter provincial, algunas delas con novos compromisos. Francisco Morente Valero, no seu importante estudo sobre a depuración do Maxisterio, sinala:

Por todas partes había pequeñas organizaciones que agrupaban a maestros y maestras con fines profesionales, pero también de tipo cultural y recreativo -como la *Casa del Maestro*, presente en casi todas las provincias- pero en ningún caso su actividad e influencia pasaron de lo puramente local.

En algún caso, alguna de esas organizaciones consiguió una implantación notable en su ámbito geográfico hasta el punto de convertirse en un importante rival para las organizaciones sindicales de ámbito estatal.<sup>10</sup>

*Escuela Vivida*<sup>11</sup> recollía a comezos de 1936 un traballo do presidente da Comisión “pro Casa de Vizcaya”:

(...) No hay más que un camino, “uno solo”: la fundación de la Casa del Maestro en todas las capitales (...). Nuestra Casa debe tener un comportamiento ético profesional, además de los espaciamientos lógicos y legalmente admitidos, que sirvan de lazo de unión estrecha, sin ningún perjuicio, ni reserva mental (...)

### A creación da *Casa del Maestro* en Pontevedra

O art. 39 da Constitución republicana de 1931 precisaba: “Los españoles podrán asociarse o sindicarse libremente para los fines de la vida humana, conforme a las leyes del Estados. Los Sindicatos y Asociaciones están obligados a inscribirse en el Registro público correspondiente, con arreglo a la Ley”.

---

<sup>7</sup> O réxime primorrioverista baseouse nun corporativismo organicista que buscaba solucionar a cuestión social fuxindo da loita de clases, como sinala Miguel Ángel Perfecto García, “Corporativismo y catolicismo social en la Dictadura de Primo de Rivera”, *Studia Histórica. Historia Contemporánea*, n.º 2, (1984): 123-147.

<sup>8</sup> Tema ampliamente estudiado por Xosé Manuel Cid Fernández.

<sup>9</sup> Por exemplo, en Vigo, ATEV (Asociación de Traballadores do Ensino de Vigo), con figuras como Víctor Fraiz, da que se ocupou Emilio Garrido Moreira, á que se leva tamén aproximado Antón Costa ou nós mesmos.

<sup>10</sup> Francisco Morente Valero, *La escuela y el Estado Nuevo. La depuración del Magisterio Nacional (1936-1943)*. (Valladolid: Ámbito, 1997), 243.

<sup>11</sup> Bianor P. Casado, “Casa del Maestro de Vizcaya”, *Escuela Vivida*, 16/01/1936.

Neste contexto, a comezos de 1934, facía a súa aparición en Pontevedra a *Casa del Maestro*.<sup>12</sup> A iniciativa xa xurdira nos “Cursillos de perfeccionamiento” que se desenvolveran na capital do Lérez en 1932,<sup>13</sup> áinda que xa dende os anos vinte se falaba na prensa da necesidade de combater a penuria económica do maxisterio e de crear unha *Casa del Maestro*, “digna de una esplendidez europea y saturada de fraternal compañerismo”.<sup>14</sup> O 14 de novembro de 1927 a Federación Católica do Maxisterio inauguraba en Madrid unha *Casa del Maestro*, que atopa eco na prensa galega.<sup>15</sup> Tamén na provincia da Coruña houbo inquedanzas da Agrupación de Mestres Nacionais de Santiago de Compostela en xuño de 1933 por crear unha *Casa del Maestro*, aproveitando a súa sede da rúa de San Francisco, se ben nunca chegou a materializarse.

O Semanario pontevedrés *El Noticiero Gallego* informaba dos primeiros pasos a finais de 1933:

Ha despertado gran interés entre los Maestros nacionales de la provincia el proyecto de establecer en Pontevedra la casa social del Magisterio. La Comisión organizadora trabaja con gran entusiasmo en la confección del Reglamento de la Casa del Maestro y no desmaya hasta conseguir el fin propuesto.<sup>16</sup>

Segundo informa pouco despois o mesmo semanario, a comisión organizadora estaba formada “por los señores Portela, García Hermida, Ameijeiras Cerviño, Liste Naveira, Novás Souto, Álvarez Vijande (don Juan Manuel), Díaz Álvarez, Soto Martínez, Ron Cabarcos y Álvarez Vijande (don José)”.<sup>17</sup>

Nomeouse provisionalmente unha comisión xestora. Segundo se recolle no mesmo xornal, “La Comisión organizadora queda convertida en Comisión gestora de la *Casa del Maestro* interín se inaugure oficialmente ésta y se elija la primera directiva que ha de regir la Sociedad”.<sup>18</sup> Estes pasos suscitaron moita expectación, como puntualiza Jiménez Rodríguez nun artigo de prensa en *El Pueblo Gallego*:<sup>19</sup>

La Casa del Maestro no ha de ser una asociación más, sino una conjunción de intereses compatible con todas las ideas y, al margen de ellas, en la posibilidad de realizar fines comunes de orden cultural, económico, recreativo, etcétera, el Centro que recoja a todos los profesionales de la enseñanza y por eso necesita el apoyo y la adhesión de todos los maestros desde sus comienzos para que surja con el decoro necesario y con el impulso que el número presta a todas las obras colectivas.

---

<sup>12</sup> Neste trabalho mantemos o nome en castelán, sempre en cursiva.

<sup>13</sup> José Ron, “Actividad societaria. La Casa del Maestro de Pontevedra. Primer año de actuación”, *Escuela Viva*, 09/05/1935.

<sup>14</sup> Andrés Mencía, “Del Magisterio. Más identificación y más ideal”, *La Zarpa*, 22/04/1922, p. 1.

<sup>15</sup> Inauguración de la Casa del Maestro de Madrid. *El Eco de Santiago*, 14/11/1927, p. 3. A *Casa del Maestro* de Madrid situouse no antigo pazo do conde de Uceda.

<sup>16</sup> Casa del Maestro, *El Noticiero Gallego*, 11/12/1933.

<sup>17</sup> Casa del Maestro, *El Noticiero Gallego*, 25/12/1933.

<sup>18</sup> Casa del Maestro, *El Noticiero Gallego*, 04/01/1934.

<sup>19</sup> J. Jiménez Rodríguez, En pro de una idea. La casa del maestro, *El Pueblo Gallego*, 11/02/1934, p. 8.

A *Casa del Maestro* constitúuse oficialmente o 1 de maio de 1934. O *Libro de Actas*<sup>20</sup> ábrese precisamente coa “Certificación del Acta de Constitución”, asinada por de José Ron Cabarcos (secretario) e co visto e prace do presidente, Maximino Portela:

En Pontevedra a primero de mayo de mil novecientos treinta y cuatro, reunidos, previa convocatoria, a las doce de la mañana en el domicilio social de la “Casa del Maestro” sita en la casa número 4 de la Avenida del General Rubín “Villa La Tablada” de esta ciudad, parte de los señores socios fundadores de la misma, el Sr. Don José Álvarez Vijande hizo presente que, cumpliendo lo dispuesto en la legislación vigente, que regula el ejercicio del derecho de asociación, el día 21 de abril del corriente año se había presentado oficialmente en el Gobierno Civil de la provincia el Reglamento por que ha de regirse esta sociedad, y que habiendo transcurrido ya el plazo de ocho días establecido por el artº 5º de la ley de 30 de junio de 1887 procedía dar por constituida legalmente la “Casa del Maestro” y elegir la Junta Directiva y las Secciones conforme a lo dispuesto en los artículos 16 y 37 del Reglamento (...)

Como se pon de manifesto na devandita acta de constitución, Manuel Cuña Cuña, mestre do Grupo Escolar “Pablo Iglesias” de Cidade Real, fora un dos iniciadores da experiencia.<sup>21</sup>

A experiencia da *Casa del Maestro* en Pontevedra, primeira en Galicia, serviría de modelo para a implantación doutras similares: “Los compañeros de Orense, Lugo y Santiago enterados del magnífico funcionamiento de la Casa del Maestro de Pontevedra, primera en Galicia y modelo en su organización, se aprestan a la creación de entidades análogas y para ello se han dirigida a la de Pontevedra solicitando datos para tal fin”.<sup>22</sup>

### A sede social

No proxecto de regulamento inicial da *Casa del Maestro* aínda estaba por decidir o local social. Do Cap. XXI, artigo 46, recollemos: “La Casa del Maestro de Pontevedra tiene su domicilio en la calle de (aquí se nombra la que corresponda e (sic) donde se instale), número tantos”.<sup>23</sup> Os mestres e mestras da provincia que desexasen ser socios “dirigirán a la Comisión gestora de la misma (Escuela preparatoria del Instituto Nacional de 2.ª enseñanza o Graduada aneja a la Normal) una cuartilla escrito en la forma siguiente: Casa del Maestro de Pontevedra.- Boletín de Adhesión.- Don Fulano de Tal y Tal, de profesión o cargo.... domiciliado en ... Ayuntamiento de ... manifiesta que está conforme con la creación de la Casa del Maestro, y se compromete a pertenecer a ella. Fecha y firma. A la Comisión gestora de la Casa del Maestro”.<sup>24</sup>

---

<sup>20</sup> Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (en diante, AHPP), L-4032. *Actas.* “Certificación del Acta de Constitución” (09/05/1934), fols. 2-3.

<sup>21</sup> Na acta da sesión do 26 de agosto de 1934 dáse lectura a unha carta deste mestre, na que agradecía o voto de graza que lle fora conferido, “como uno de los iniciadores de la creación de la Casa del Maestro de Pontevedra” (*Actas*, 13v.). Nos primeiros anos da República temos dado con Manuel Cuña, mestre pola zona do Val Miñor.

<sup>22</sup> Casa del Maestro. *El Noticiero Gallego*, 25/02/1935.

<sup>23</sup> *El Noticiero Gallego*, 25/12/1933.

<sup>24</sup> Casa del Maestro, *El Noticiero Gallego*, 04/01/1934.



Fig. 1. "Los maestros pontevedreses y su espléndida organización". Foto Novás.

Segundo se recolle no órgano de expresión da *Casa del Maestro*, o semanario *Escuela Vivida*,<sup>25</sup> Cipriano Jiménez, Maximino Portela, Abilio Bernaldo de Quirós, Alfredo García Hermida e Eduardo Feijoo formaron parte da comisión para adquisición do local propio. O domicilio social quedou establecido na casa número 4 da avenida Xeneral Rubín, na "Villa La Tablada". Na finca da Tablada xa estivera situada antes a Misión Biolóxica de Galicia, no seu traslado a Pontevedra (1927-1928), antes de asentarse definitivamente en Salcedo en 1928.<sup>26</sup> Segundo o contrato, con motivo do traslado da Misión Biolóxica a Pontevedra, pertencia ao conxunto do Pazo do Marquesado de Leis.<sup>27</sup> Na sesión extraordinaria do 3 de maio de 1934, o presidente daba conta de que, segundo o acordado pola Comisión Xestora, asinara coa propietaria, dona Mercedes Solís, viúva do avogado

<sup>25</sup> *Escuela Vivida*, 16/10/1935.

<sup>26</sup> Ángel Serafín Porto Ucha, "Aproximación al esquema organizativo de la Misión Biológica de Galicia en su primera época (1921-1936)", *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, 5, 1988, 89-98; más datos en *La Institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia* (Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 2005): 255 e ss.

<sup>27</sup> O río que pasa por alí consta na escritura como "río Tablada"; hoxe coñecido no tramo que pasa por Campolongo como río "Gafos".

Vicente Señoráns, un contrato de arrendamento do predio, composto de casa e horta, por un prezo mensual de 175 pesetas.<sup>28</sup>

Na sesión ordinaria do 13 de maio, acordouse que o presidente, o secretario, o tesorero e o bibliotecario se encargasen de adquirir móbeis para a Casa, con destino ao salón de sesións, secretaría e biblioteca, de acordo co orzamento que presentaba o comerciante Arturo Martínez. As actas pormenorizan a adquisición de todo o necesario, mesmo de carácter material, que se vai facendo visíbel co paso do tempo.<sup>29</sup> Así, na sesión do 15 de xullo de 1934, acordouse a instalación do teléfono;<sup>30</sup> na de 26 de maio de 1935, a instalación dun timbre.

O tema do edificio é recorrente, no sentido da construcción dun local propio para a Sociedade. Na reunión do 27 de xaneiro de 1935, o directivo Soto volve con atinadas razóns á idea de que debera intentarse ir á construcción dun edificio para a entidade social, “idea que puede convertirse en realidad si los maestros responden económica mente al plan que tendría que llevarse a efecto para la adquisición de cierto capital para el fin propuesto, y cuyos anticipos con que los maestros contribuirían vendría a ser para ellos como un fondo en depósito que retirarían en momento oportuno y con los intereses correspondientes”. Coa finalidade de estudar asunto tan interesante e de verdadeiro empuxe societario, noméase unha comisión formada por Novás, Hermida, Ron, Bernaldo de Quirós, Soto e Feijoo.

Na sesión de 9 de xuño, a comisión encargada do edificio social informaba “de la entrevista sostenida con el Sr. Carballo”, relativa ao edificio “Gimnasio”. Polo que queda recollido da sesión da Xunta Xeral do 30 de xuño, continuaron os traballos de contacto con Carballo, propietario do citado edificio. Porén, parece que as xestións nos prospe raron nesa dirección, xa que se acorda designar a Bernaldo de Quirós, García Hermida, Portela, Jiménez e Feijoo, para que procuren a adquisición dun edificio social.

Finalmente, decidiuse continuar no mesmo edificio. Na sesión do 5 de xaneiro de 1936 falouse de que acaso non sería difícil o traslado do domicilio social “para la población”.<sup>31</sup> Se ben se acordou que a comisión continuase coas xestións, “en lo del

---

<sup>28</sup> AHPP. L-4032. “Certificación del Acta de la reunión extraordinaria de la Junta Directiva de 3 de mayo de 1934”, *Actas*, p 4. Tralo acordado na sesión ordinaria do 13 de maio, quedaba prohibido colgar flores no xardín e na mesma horta.

<sup>29</sup> Na sesión ordinaria da Xunta Directiva do 27 de maio informábbase da adquisición dos seguintes móbeis a Arturo Martínez: unha mesa de sesións, un sillón e doce cadeiras para a Directiva, unha mesa, un sillón e seis cadeiras, e un estante para a Secretaría; dúas librarias, unha mesa e doce cadeiras para a biblioteca e sala de lectura; dous percheros. Na sesión ordinaria do 24 de xuño apróbase a adquisición de estantes para a exposición de libros e material escolar, unha oleografía da República para o salón de sesións e seis tinteiros para servizo da Casa; na sesión do 12 de agosto, 50 cadeiras, 2 lámpadas eléctricas, 2 cinceiros e un lavabo. Acórdase asegurar os móbeis e demais enxoval na Compañía “La Unión y el Fénix Español”, pola cantidade de seis mil pesetas (Acta do 15/11/1934). Na sesión do 13 de xaneiro de 1935 decídese mercar unha gran cortina para o salón de sesión, un armario para a secretaría, firmas para o tesorero e o contador.

<sup>30</sup> Segundo consta no selo oficial da Casa, o teléfono tiña o número 362.

<sup>31</sup> Obsérvese a expresión “para la población”. Hoxe dito lugar está totalmente integrado na zona urbana. A cancela de acceso conserva ainda o nome de “La Tablada”.

edificio propio se vislumbra la imposibilidad, por el momento, por la carencia del capital necesario para ello".

### **A organización da *Casa del Maestro* (regulamento, cargos directivos, persoal auxiliar e socios)**

#### **a) O regulamento**

A prensa fixose eco dos avances. *El Noticiero Gallego*, do 18 de decembro de 1933, daba conta dos progresos: "Sigue trabajando con gran entusiasmo la Comisión organizadora para el establecimiento en Pontevedra de la Casa del Maestro. El Proyecto de Reglamento por que se regirá está bastante adelantado, esperando terminarlo en la semana próxima". Como recollemos anteriormente, e segundo queda constancia tamén no propio regulamento reformado e publicado un ano máis tarde, a Comisión Organizadora da *Casa del Maestro* estaba formada por José Álvarez Vijande,<sup>32</sup> Paulo Novás Souto,<sup>33</sup> Maximino Portela Piñeiro,<sup>34</sup> Manuel Ameijeiras Cerviño,<sup>35</sup> José Ron Cabarcos,<sup>36</sup> Alfredo García Hermida,<sup>37</sup> Olimpio Liste Naveira,<sup>38</sup> Juan Manuel Álvarez Vijande,<sup>39</sup> Fermín Díaz Álvarez<sup>40</sup> e Antonio Soto Martínez.<sup>41</sup>

Este primeiro regulamento, polo que había de rexerse a nova sociedade foi aprobado na Asemblea Xeral que tivo lugar o día 26 de decembro de 1933 na Escola Nacional anexa á Normal de Pontevedra, cando era presidente provisional José Álvarez Vijande e secretario (tamén provisorio) José Ron Cabarcos.<sup>42</sup> A sesión en que se aprobou o regulamento foi moi animada, discutíronse varios artigos e así, o capítulo 5.<sup>º</sup> modifícase e queda do seguinte xeito: "Podrán pertenecer a la Casa del Maestro todos los que ostenten el título de Maestro nacional, los normalistas y profesionales de la enseñanza en todos sus grados";<sup>43</sup> tamén o artigo 35 se matiza e onde di que a asociación terá unha revista, engádese "revista o periódico profesional". Este regulamento foi presentado no Goberno Civil para os efectos do artigo 4.<sup>º</sup> da Lei de asociacións de 1887, o día 21 de abril de 1934.

---

<sup>32</sup> Mestre de Pontesampaio.

<sup>33</sup> Mestre da Escola Preparatoria do Instituto de Pontevedra.

<sup>34</sup> Rexente da Escola Graduada anexa á Normal de Pontevedra.

<sup>35</sup> Mestre da capital.

<sup>36</sup> Mestre da Escola Nacional de Salcedo.

<sup>37</sup> Mestre das escolas nacionais de Pontevedra.

<sup>38</sup> Mestre de Cuntis, pouco despois, inspector.

<sup>39</sup> Mestre da Escola Nacional de Coto Lourido (Cambados).

<sup>40</sup> Mestre da Escola Nacional de Mogor (Marín).

<sup>41</sup> Mestre da Escola Nacional do barrio da Granxa (Arbo). Nunha noticia publicada no diario *El País* o 29 de novembro de 1933, engádense aos citados como membros da Comisión Organizadora, Manuel Ameijeiras Cerviño (mestre de Xeve) e Manuel Torres Martínez (mestre da Escola Nacional de Banda del Río, Marín). Véxase "Casa del Maestro", *El País. Diario Republicano de la tarde*, 29/11/1933, p. 1.

<sup>42</sup> A elaboración do regulamento quedou recollida na prensa pontevedresa da época de xeito moi minucioso: *El País* (Casa del Maestro, 07/12/1933, p. 1), *El Pueblo Gallego* (Casa del Maestro, 21/12/1933, p. 10).

<sup>43</sup> Casa del Maestro. *El Noticiero Gallego*, 04/01/1934, p. 2.

**b) Os cargos directivos**

Coa mesma data en que se constituía a *Casa del Maestro* (1 de maio de 1934), procedeuse á elección de cargos e resultaron designados os seguintes:

Presidente: Maximino Portela Piñeiro

Vicepresidente: Alfredo García Hermida

Secretario: José Ron Cabarcos

Vicesecretario: Juan Manuel Álvarez Vijande

Tesoureiro: Paulo Novás Souto

Contador: José Álvarez Vijande

Bibliotecario: José Meis Martínez

Vogais: José Sueiro Norat

Dolores Crespo Bóveda

Cipriano Jiménez Rodríguez

Luz Poza Juncal

Abilio Bernaldo de Quirós

Antonio Soto Martínez

Sección de Excursións e Misións Pedagógicas:

Presidente: Rogelio Pérez González

Secretario: Fermín Díaz Álvarez

Vogais: José Iglesias

Josefina Iglesias

Manuel Ameijeiras

Sección de Veladas e Festas:

Presidente: Paulo Novás Souto

Secretario: José García Hermida

Vogais: Manuel Escribano

Guadalupe Blanco Cuende

Carmen Álvarez

Sección de Conferencias, Certames e Exposiciones:

Presidente: Ramón Segura de la Garmilla



Fig. 2. Xunta Directiva da *Casa del Maestro* de Pontevedra. Foto Novás. *Vida Gallega. Ilustración regional*, n.º 618, 30/01/1935, p. 15. (cortesía da Fundación Penzol).

Secretario: Adriano Pintos Fonseca

Vogais: Gonzalo Martín March

Carmen Álvarez

Josefina Torrado

Sección de Información, Propaganda e Prensa:

Presidente: Olimpio Liste Naveira

Secretario: Luis Crespo Almón

Vogais: Regino Sanmartín Lorenzo

José Gallego

Sebastián Portas Riveiro

A primeira reunión extraordinaria de Xunta Directiva tivo lugar o 3 de maio e nela tomaron posesión algúns dos elixidos. Coa asistencia dun gran número de socios, a primeira reunión ordinaria da Xunta Xeral foi o 17 de xuño e tratáronse os seguintes asuntos: exposición do labor realizado pola Directiva; carné de identidade para os asociados; elección do vogal da Sección de Propaganda, e outros asuntos propostos polos mesmos asociados.

### **c) O persoal auxiliar**

Na primeira sesión do 3 de maio de 1934 acordouse promover a definitivo o nomeamento provisional de José Martínez Pereira como oficial auxiliar de Secretaría, coa gratificación mensual de setenta e cinco pesetas. Na sesión do 29 de xullo, coa finalidade de que os servizos de oficina estivesen debidamente organizados e obedecesen a un plan fixo de traballo, acordouse que o oficial Sr. Martínez permanecese polas tardes na oficina durante hora e media, como mínimo, en días laborábeis e debería asistir os días de reunión da directiva e da Xunta Xeral.

Examinadas as solicitudes dos aspirantes á praza de conserxe, acordouse nomear con carácter provisional, que se remitiría a definitivo sempre e cando respondese ás condicións que se lle estipulases, a Luciano Vázquez Cortegoso, a quen se lle asignaba unha gratificación mensual de sesenta pesetas. Na sesión de 12 de maio de 1935 noméase, tamén con carácter provisional, "Botones de la entidad" a José Benito Rey Rodríguez, coa gratificación mensual de vinte pesetas; o 29 de setembro de foi substituído por Manuel Rey Rodríguez.

### **d) Novos cargos, como consecuencia da reforma do regulamento**

A medida que avanzan os primeiros e intensos meses da entidade, acússase a necesidade de reforma do regulamento. Na sesión de 30 de setembro de 1934, desígnanse aos directivos Hermida, Ron, Juan M. Vijande e Jiménez para que formulen e presenten un proxecto de reforma. Este proxecto, coas correspondentes modificacións, foi presentado na sesión do 9 de decembro. Acordouse remitilo á Xeral para a súa discusión e aprobación.

A reunión da Xunta Xeral, en sesión extraordinaria, tivo lugar o 23 de decembro. Nela acordouse modificar os artigos 1, 2, 5, 6, 10, 11, 16, 19, 21, 23, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36 e 39. A modificación, tendo en conta o experimentado intensamente durante os primeiros meses de vida da entidade, afectaba a cuestións como os fins da Sociedade, o auxilio aos asociados (préstamos, socorros de enfermidade e defunción), a renovación nos cargos e a reorganización nas distintas seccións. Este regulamento foi presentado no Goberno Civil o día 28 de decembro de 1934.

O novo regulamento modificado,<sup>44</sup> publicado na Imprenta de A. Couceiro (rúa García Camba, 4), ademais dunhas aclaracións finais contén os seguintes apartados:

## **CAPÍTULO I**

---

<sup>44</sup> Unha copia do regulamento, impreso en formato de libriño, foinos facilitada por Germán M. Torres de Aboal. Esta copia entregárala a filla de Juana Argentina Villaverde Rey, mestra esta de Sobradelo, no concello de Vilagarcía, que figura no BOPP, de 11/05/1940 con separación definitiva do servizo e baixa na escala. Juana Argentina Villaverde Rey era asociada da *Casa del Maestro*. Xa fora separada polo gobernador civil de Pontevedra en setembro de 1936. Estamos a falar de familiares de Elpidio Villaverde Rey, o recordado alcalde de Vilagarcía no período republicano e deputado por Izquierda Republicana en 1936; xunto con Castelao e Suárez Picallo fundou en Montevideo o Consello de Galiza en 1944. Morreu en Bos Aires en 1962.

- Título y fines de la Sociedad (arts. 1º-4º)

## CAPÍTULO II

- De los socios (arts. 5º-11)

## CAPÍTULO III

- De la Junta general (arts. 12-15)

## CAPÍTULO IV

- De la Junta Directiva (arts. 16-20)

## CAPÍTULO V

- Del Presidente (art. 21)

## CAPÍTULO VI

- Del Vicepresidente (art. 22)

## CAPÍTULO VII

- Del Secretario (art. 23)

## CAPÍTULO VIII

- Del Vicesecretario (art. 24)

## CAPÍTULO IX

- Del Tesorero (art. 25)

## CAPÍTULO X

- Del Contador (art. 26)

## CAPÍTULO XI

- Del Bibliotecario (art. 27)

## CAPÍTULO XII

- Sección de Iniciativas (arts. 28-30)

- Excursiones y Misiones Pedagógicas (art. 31)

- Veladas y Fiestas (arts. 32-33)

- Certámenes y Exposiciones (art. 34)

- Información, propaganda y Prensa (arts. 35-36)

## CAPÍTULO XIII

- De las Elecciones (arts. 37-41)

## CAPÍTULO XIV

- De los fondos sociales (art. 42)

## CAPÍTULO XV

- De las Asociaciones domiciliadas en la CASA DEL MAESTRO (arts. 43-45)

## CAPÍTULO XVI

- Auxilios a los socios (arts. 46-56)

## CAPÍTULO XVII

- Disposiciones generales (arts. 57-59)

Cumprindo o art. 39 do Regulamento, na sesión de 30 de decembro procedeuse ao sorteо de cesamento nos cargos, que afectaban ao presidente, vice-secretario, tesoureiro, contador e vogais, concretamente aos señores Portela, Juan e José Álvarez Vijande, Novás, Bernaldo de Quirós, Jiménez e Sueiro. Debido á refundición das catro seccións que trataba o art. 28 nunha soa (Sección de Iniciativas), correspondía tamén elixir os cargos da nova sección. Segundo a nova redacción do art. 28, e “para el mejor desenvolvimiento de los fines sociales”, establecíase unha nova sección que tería ao seu cargo o seguinte: Excursións e Misións Pedagóxicas, Veladas e festas, Conferencias, certames e exposicións, e Información, propaganda e prensa.

Para a elección dos novos cargos, nomeouse unha mesa escrutadora, que designou aos socios Gonzalo Martín March, Sebastián Portas Riveiro, Gonzalo Pardellas Puga e Ramón Valenzuela, aos que se uniron para asesoramento dos socios que o solicitassen, o secretario da Casa, Ron Cabarcos. A nova organización quedou configurada así:

Presidente: Paulo Novás Souto

Vicesecretario: Juan Manuel Álvarez Vijande

Tesoureiro: Gonzalo Martín March<sup>45</sup>

Contador: Eduardo Feijoo Pereira<sup>46</sup>

Vogais: Cipriano Jiménez Rodríguez<sup>47</sup>

Ángel Vázquez Hereder

Para a nova Sección de Iniciativas:

---

<sup>45</sup> Gonzalo Martín March era mestre na Escola Preparatoria do Instituto. Renunciou ao cargo e foi nomeado interinamente para substituílo Abilio Bernaldo de Quirós.

<sup>46</sup> Mestre de Meis.

<sup>47</sup> Mestre de Seixido (A Lama).

Presidente: Rogelio Pérez González<sup>48</sup>

Vicepresidente: Ramón Segura de la Garmilla<sup>49</sup>

Secretario: Fermín Díaz Álvarez<sup>50</sup>

Vicesecretario: Ramón Valenzuela Otero<sup>51</sup>

Vogais: Manuel Buján Rivas<sup>52</sup>

Sebastián Portas Riveiro<sup>53</sup>

Victoriano Buján Rivas

Gonzalo Pérez Puga<sup>54</sup>

Continuaron, polo tanto, nos seus cargos, os seguintes:

Vicepresidente: Alfredo García Hermida

Secretario: José Ron Cabarcos

Bibliotecario: José Meis Martínez

A toma de posesión tivo lugar na sesión ordinaria do 13 de xaneiro. Non tomou posesión Martín March. Renunciou ao cargo por non poder atendelo. Entre as causas, figura a organización dunha academia, “que en breve va a funcionar en Pontevedra bajo su dirección y que le impide atender, como el caso requiere, el cargo para que el que fui elegido”.<sup>55</sup> Tendo en conta as razóns exportas, acéptase a renuncia, e noméase para substituílo a Abilio Bernaldo de Quirós, que o seguía en número de votos. Este nomeamento era con carácter interino, até a reunión seguinte da Xunta Xeral.

Na reunión do 13 de xaneiro acordábase imprimir dous mil exemplares do Regulamento coas modificacións aprobadas. Encargóuselle a impresión a Couceiro. Os exemplares enviábanse aos asociados para que coñecesen a organización e as vantaxes que se lles ofrecían.

---

<sup>48</sup> Inspector de Primeira Ensinanza.

<sup>49</sup> Ramón Segura de la Garmilla, de orixe estremeña, era profesor de Literatura na Escola Normal e auxiliar no Instituto. Foi alcalde de Pontevedra entre outubro e novembro de 1934, en substitución de Bibiano Fernández Osorio y Tafall, durante a folga revolucionaria dese ano.

<sup>50</sup> Mestre de Seixo (Marín).

<sup>51</sup> Ramón Valenzuela Otero estaba naquel intre cursando o segundo ano do Plan Profesional, na Escola Normal do Maxisterio Primario de Pontevedra.

<sup>52</sup> Como o anterior, estudiante na Escola Normal de Pontevedra.

<sup>53</sup> Mestre de Marín.

<sup>54</sup> Mestre no concello de Ponteareas.

<sup>55</sup> En “Casa del Maestro”, de *El Noticiero Gallego* de 18/04/1936, infórmase que, para a preparación dos “cursillos”, as academias Kosmos e Minerva fan unha bonificación dun 10% aos alumnos que xustifiquen a pertenza á *Casa del Maestro*.

Na sesión ordinaria da Xunta Xeral, do 5 de xaneiro de 1936, procedeuse á elección dos novos cargos:

a) Directiva

Vicepresidente: Antonio González Novás<sup>56</sup>

Secretario: José Ron Cabarcos

Bibliotecario: Antonio Gómez Cobas<sup>57</sup>

Vogais: José Cribreiro González<sup>58</sup>

Herminia Castrillón Subirat

María Otero Casas<sup>59</sup>

b) Sección de Iniciativas

Secretario: Eladio Sieiro Fernández

Vicesecretario: Luis Magdalena García

Vogais: Faustino Pereira Doval

José García Hermida<sup>60</sup>

e) *Os socios*

Segundo o art. 5.º do Regulamento, “podrán pertenecer a la Casa del Maestro todos los Maestros nacionales, los normalistas y profesionales de la enseñanza en todos los grados”. Considerábanse como normalistas todos os alumnos oficiais de Escola Normal e os non oficiais que tomaran parte nos exames realizados no dito centro de ensinanza nos tres últimos cursos. Eran socios protectores todos aqueles que posuisen o título de mestre e non exercearan directamente a ensinanza por dedicarse a outra profesión.<sup>61</sup>

Respecto ás cantidades que había que pagar, recollemos de *El Noticiero Gallego* do 04/01/1934: “Teniendo que abonar los socios que residan en la provincia una cuota reducida que alcanza a 1,50 pesetas mensuales, y siendo muchos los beneficios que obten-

---

<sup>56</sup> Mestre da capital provincial.

<sup>57</sup> Mestre de Marín.

<sup>58</sup> Mestre de Donas (Gondomar).

<sup>59</sup> Herminia Castrillón era mestra en Pontevedra e María Otero en Santa María de Sacos.

<sup>60</sup> Eladio Sieiro era mestre de Poio, Luis Magdalena de Arcade, José García Hermida de Cela e Faustino Pereira de Pontevedra.

<sup>61</sup> De acordo con ese artigo 5.º, sorprende a presenza entre os socios de Víctor Lis Quibén, destacado despois no franquismo, que figura como médico. Pertenceu á *Casa del Maestro* entre o 1 de xullo de 1934 até o 1 de novembro de 1935, en que se deu de baixa. Porén, Víctor Lis tiña tamén a carreira de mestre, pola Escola Normal de Pontevedra.

drán los que pertenezcan a la Casa del Maestro de Pontevedra, no dudamos que tanto los Maestros como las Maestras nacionales de esta provincia figurarán en la lista de socios fundadores, sin excepción alguna”.

O seguimento do “Registro de Socios”<sup>62</sup> permítenos ter un coñecemento exhaustivo da evolución dos asociados. Trátase dun libro rexistro de socios, presentado no Goberno Civil o 9 de maio de 1934, para efectos do art. 2.º do Decreto do 10 de marzo de 1923. O libro vai anotando mensualmente os rexistros, o primeiro de cada mes, até o 1 de xullo de 1936, máis un que, sorprendentemente, se engadiu o 1 de agosto de 1936. Comeza con Maximino Portela Piñeiro. Continúan Olimpio Liste Naveira, mestre de Cuntis (n.º 3), José Ron Cabarcos, mestre de Salcedo (n.º 4), Paulo Novás Souto, mestre da Preparatoria do Instituto (n.º 5) e José Álvarez Vijande, mestre de ... (n.º 6). Remata con Dolores Silva Sotelo, mestra de ... (n.º 1058). Hai que ter en conta, porén, que algúns dados de baixa por diversas circunstancias (falta de pagamento, trasladados etc.) volven incorporarse máis tarde. Rexistramos, en total (agás erro ou omisión), 1033 socios. No asentamento figuran os seguintes datos: número de orde, nome e apelidos, idade, profesión, enderezo, teléfono, poboación, alta, baixa, cargo e observacións. A lapis figuran tamén outras escolas ás que se incorporaron posteriormente, polo que a información é moi rica.

Con data do 1 de maio de 1934 aparecen rexistrados os primeiros 567 socios. Un mes despois, o 1 de xuño, son rexistrados no Libro os socios, números 568-615. Agás algún erro, contabilizamos un total de 1033 socios (670 homes e 363 mulleres).

### A participación da *Casa del Maestro* nas Misións Pedagóxicas. A solicitude dunha delegación do Padroado

Sabemos que, durante a Segunda República, as Misións Pedagóxicas se converteron na experiencia más xenuína de educación popular.<sup>63</sup> Os actos de adhesión a Cossío, a *alma máter* das Misións sucedéñse ao longo destes anos, xunto aos actos escolares de conmemoración da chegada da República.<sup>64</sup>

Como veremos no capítulo referido á organización, na *Casa del Maestro* á fronte da Sección de Excursións e Misións Pedagóxicas, estivo dende os comezos o inspector Rogelio Pérez González, que accedera á inspección en 1932.<sup>65</sup> Ademais do Servizo de Bibliotecas, nese ano o Padroado de Misións, con Rodríguez Cadarso como reitor da

<sup>62</sup> AHPP. L-7469. Casa del Maestro de Pontevedra. Socios, “Registro de Socios”, 01/05/1934 – 01/08/1936. Hai algúnhha información máis sobre socios no atado G-4843 (17), “Lista de socios”, concretamente o conxunto dos socios do Partido Xudicial de Redondela.

<sup>63</sup> Véxase Eugenio Otero Urtaza, *Las Misiones Pedagógicas: Una experiencia de educación popular*, (Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1982).

<sup>64</sup> Véxanse, por exemplo, os números 5-6 (1934) do *Boletín Provincial de Educación*, dedicado a Cossío, con actos escolares en moitos concellos da provincia de Pontevedra. Na zona da Paradanta, destacaba o labor do inspector José Muntada Bach.

<sup>65</sup> Rogelio Pérez González (“Roxerius”, Rianxo, 1897-1963) rematara os estudos de mestre na Escola Normal de Santiago de Compostela. Accedeu á inspección, con praza en Pontevedra. *El Noticiero Gallego*, do 04/06/1934, recolle que fora mestre anteriormente en Renza (Vilagarcía de Arousa). Estivera antes en Dímo e Sobradelo.

Universidade de Santiago de Compostela, poña en marcha un vasto plan de conferencias pedagógicas. E, en 1933, as Misións estenderonse polas catro provincias galegas, entre elas, en Pontevedra, pola Estrada, Lalín e Silleda; chegaron tamén a Rianxo, a terra natal de Pérez González.<sup>66</sup>

Como inspector, Rogelio Pérez viviu esa época e mantivo contactos co Padroado de Misións para organizar as Misións en Pontevedra en 1934.<sup>67</sup> É máis; a nota da Inspección de Primeira Ensinanza de Pontevedra refírese ao inspector “don Rogelio Pérez González encargado por el Patronato de Misiones Pedagógicas para la organización de las mismas en esta provincia (...).”<sup>68</sup> *El Noticiero Gallego*, do 25 de abril, achega tamén información sobre este feito e o posíbel percorrido:

(...) partiendo de Gres por Piloño y Carbia, Loño, Brocos, Sixto, el Sejo, Az, Pescoso, Salto y Camba hasta Rodeiro, en el Partido de Lalín; y otra por La Graña, Maceira, Prado de Bugariña, La Franqueira hasta Mondariz.

La Inspección ruega a los Maestros comprendidos en estos itinerarios envíen al señor Pérez González nota de las viviendas que pudieran utilizar los misioneros para hospedarse y otros datos que puedan facilitar la finalidad que se persigue y se consideren de interés.<sup>69</sup>

Ora ben, sería o inspector José Muntada Bach quen acompañaría aos misioneiros, probabelmente por tratarse do inspector da zona. Segundo consta na *Memoria* publicada polo Padroado, dirixiron estas Misións Antonio Ramos Varela<sup>70</sup> e Javier Farias, e soamente aparecen citados os mestres José Benito González Álvarez (da Cañiza) e Jesús Eugenio Pérez Pérez (de Achas). Sobre estes traballos desenvolvidos no Partido Xudicial da Cañiza,<sup>71</sup> aparece un artigo, “Misiones Pedagógicas en Galicia”, dividido en tres apartados: “Siembra, Fruto y Calidad”.<sup>72</sup>

---

<sup>66</sup> O tema da presenza en Galicia das Misións Pedagógicas foi analizada por nós, en Angel Serafín Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil (2013). “Innovacións na educación popular: As Misións Pedagógicas en Galicia durante a Segunda República”, *Innovación Educativa*, n.º 23, (2013): 111-126.

<sup>67</sup> Hai xa un tempo, demos conta dunha nota da Inspección de Primeira Ensinanza de Pontevedra (*El País. Diario Republicano de Pontevedra*, 21/04/1934), na que se incluía “haber recibido de Santullano un telefonema interesando fechas más convenientes durante el mes de mayo, de este año (*vid. A. S. Porto Ucha, “Misiones Pedagógicas en Galicia”*, en *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*, op. cit., p. 406). Esta información da Inspección figura tamén en *El Noticiero Gallego*, do 25/04/1934.

<sup>68</sup> Inspección de Primera Enseñanza. *El País*, 21/04/1934.

<sup>69</sup> *El Noticiero Gallego*, 25/04/1934. Con todo, a Misión, na primeira fase, non se realizaría por esa zona, senón por Meaño, Vilalonga a Combarro. E na segunda fase houbo tamén algúm cambio, xa que non chegou a Mondariz, senón que se desenvolveu pola Paradanta (A Cañiza, Covelo, Arbo e Creciente).

<sup>70</sup> En “Centros de Colaboración Pedagógica. La Cañiza”, *Boletín Provincial de Educación*, 7 (1934), pp. 8-9, hai referencias a Antonio Ramos Varela como “delegado del Patronato Central de Misiones Pedagógicas”.

<sup>71</sup> A Cañiza, Arbo, Covelo e Creciente eran naquela altura os concellos que formaba o Partido Xudicial da Cañiza. Véxase Ángel Serafín Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil, *La escuela activa y el entorno. Una aproximación a través de los paseos, visitas y excursiones durante la Segunda República*, (Santiago de Compostela: Andavira, 2017).

<sup>72</sup> J. Muntada Bach, “Misiones Pedagógicas en Galicia”, *Boletín Provincial de Educación*, 7, 1934.

Non debemos perder de vista que na Cañiza estaba a desenvolverse unha interesantísima experiencia freinetiana, impulsada polo mestre José Benito González. Tiveron o seu propio periódico escolar, o *Faro Infantil*, do que andamos na súa procura como ouro en pano,<sup>73</sup> e do que o mesmo inspector Muntada Bach nos legou páxinas inesquecíveis:

(...) Los niños que imprimen en su escuela se educan e instruyen activamente. (...)

Y de una visita:

(...) “Un cerdo iba por el río Miño nadando. Lo vi en Pousa hacia la orilla de Portugal. También los caballos y las vacas atravesan el río” ... (Urbano Estévez, de La Cañiza).

Hoy en la sesión de la mañana con motivo de un centro de interés hubo que hablar de la oveja, y al final, los niños desearon que quedara el recuerdo impreso de lo que dijo Amador Mera González, su compañero:

“La oveja que nosotros tenemos es muy cariñosa. Va detrás del caballo y da saltos que causan risas”.

Y lo que dijo otro:

“Nosotros tenemos una cabra que anda detrás de mí. Yo cuando me levanto le echo de comer. Me quiere. A mí me conoce. Yo la acaricio y no le pego” (Adolfo Lourido).

Y otro, Eduardo Pérez:

“...Os bois corrían e metían grandes corneos co vicio. Querían furar o chao c'os cornos. A cabra berraba porque estaba sola”.<sup>74</sup>

No apartado de Misiones, o Regulamento da *Casa del Maestro*, na nova redacción de reforma do 23 de decembro de 1934, sinalaba no art. 31: “La sección procurará (...) b) llevar la acción de las Misiones Pedagógicas con la orientación debida a los pueblos de la provincia, bien a solicitud de estos o por iniciativa propia”. E na sesión do 27 de xaneiro de 1935, entre as iniciativas figura “que la directiva se dirija al Patronato de Misiones Pedagógicas en el sentido de que cree una delegación del mismo en Pontevedra (*Casa del Maestro*), facilitándole el material necesario al efecto”. Na sesión seguinte, do 10 de febreiro, volve tratarse o tema da creación dunha delegación do Padroado para a provincia de Pontevedra, “recabando al efecto de dicha institución, no tan sólo el material indispensable —aparatos fono e cinematográficos, reproducciones de pintores célebres, stok de libros, etc.—, sino también las normas de orientación indispensables para la mejor realización de los fines que el Patronato persigue”.

---

<sup>73</sup> Ángel Serafín Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil, “Tras las huellas de la prensa freinetiana en Galicia: *Faro Infantil*, periódico de los niños de la Escuela de A Cañiza (Pontevedra)”, en José María Hernández Díaz (coord.), *La prensa de los escolares y estudiantes. Su contribución al patrimonio histórico educativo*, (Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca, 2015): 165-178, onde achegamos información, ao igual que en *La escuela activa y el entorno. Una aproximación a través de los paseos, visitas y excursiones durante la Segunda República*, op. cit. Agradecemos a José Luis Bacelar, da Cañiza, a desinteresada entrega dos números 3 e 4 do *Faro Infantil*, do seu arquivo familiar.

<sup>74</sup> José Muntada Bach, “En otra Escuela pontevedresa. Una conquista de la Escuela Activa”, *Boletín Provincial de Educación*, 13, 1935, 7-9.

Na sesión do 27 de xaneiro de 1935 proponse que a directiva se dirixa ao ministro de Instrucción Pública e solicitarlle unha subvención para que os mestres asociados poidan realizar excursións de carácter cultural; encárgaselle tamén a Valenzuela un relatorio acerca da constitución dun cadre de declamación que formará parte das Misións Pedagógicas. A Xunta Directiva apróbaas coas seguintes particularidades: que é necesario razoar e fundamentar a petición de subvención (e avanza a que pensa realizarse), sobre todo no que afecta ao punto ou puntos á que ha de dirixirse a viaxe e a contía daquela, procurando que teña lugar en período escolar. Igualmente, para fundamentar e razoar a instancia ao Padroado de Misións Pedagógicas, se diga tamén o que a Sección crea oportuno pero elo; vería tamén con sumo gusto que cheguen pronto as vías de feito de constitución do cadre de declamación.

Máis adiante, semella que este cadre iniciara as súas actividades. Na sesión do 9 de xuño de 1935 acordábase abrir un crédito de até 250 ptas. na Casa Olmedo e Drogería Lino ao cadre de Declamación para a adquisición de efectos, co fin de representar as obras que se propoñían en prazo breve e reintegraríanse á Casa os beneficios que obtivesesen.<sup>75</sup>

A prensa tamén recolle esta preocupación da Casa pola presenza dun delegado de Misións: “Está viendo el medio de que en la Casa del Maestro se cree una delegación de las Misiones Pedagógicas, y para obtenerla dirigirá la correspondiente solicitud al Patronato correspondiente”.<sup>76</sup> Entendemos que no sentir da Casa estaba o desexo de que este cometido lle correspondese dende a Sociedade ao inspector Rogelio Pérez González, polo traballo desenvolvido á fronte da Sección de Excursións e Misións Pedagógicas, primeiro, e, despois, da de Iniciativas, onde aquellas estaban integradas.

### A posta en marcha da biblioteca

Dende o primeiro momento foi elixido bibliotecario José Meis Martínez. Na reunión ordinaria da Xunta Directiva do 24 de xuño de 1934 figura unha moción do bibliotecario, Meis Martínez sobre o funcionamento da biblioteca; accordouse designalo para que presentase á aprobación da directiva un proxecto de regulamento. Nese sentido, pode considerarse un resumo dese regulamento as “Notas” redactadas polo bibliotecario, que figurán ao final do *Catálogo de obras* publicado en 1935:

Para hacer uso de los libros de esta Biblioteca es indispensable estar al corriente en el pago de los recibos.

Cada maestro podrá solicitar un solo libro con derecho a retenerlo en su poder por espacio de 30 días o de 15, si ejerce en la capital o sus alrededores.

Cuando haya que remitir algún libro por correo será de cuenta del peticionario el importe, del franqueo. Para las remisiones hechas de otro modo se exigirá petición firmada y sello de la Escuela.

---

<sup>75</sup> Descoñecemos se levaron a cabo algunha representación, no contexto das Misións Pedagógicas.

<sup>76</sup> Casa del Maestro, *El Noticiero Gallego*, 11/02/1935.

Por si no hubiera en la Biblioteca en el momento de la petición el libro preferido, conviene se soliciten hasta cuatro por orden de preferencia.

No se podrá pedir ningún nuevo libro sin haber devuelto el último llevado.

A fin de facilitar la labor difusora de esta Biblioteca convendría que los maestros de escuelas próximas entre sí se pusieran de acuerdo en la petición de libros y se intercambiasen éstos dentro del plazo señalado.

Todo libro no devuelto dentro de este plazo se entenderá pasa a ser propiedad del peticionario y su importe será cobrado del Habilitado juntamente con el recibo del mes en curso. Como este sistema de adquisición de libros produciría serios trastornos preferible es que se pidan éstos directamente a las casas editoras bien personalmente o por medio del Bibliotecario de la Casa del Maestro.

Al pedir cualquier libro debe indicarse el número con que figura en este catálogo.

Unha das principais preocupacións da *Casa* foi dotar a biblioteca dun fondo bibliográfico axeitado. A primeira doazón que temos rexistrada é a de Gerardo Álvarez Limeses, inspector provincial e socio da institución pontevedresa. Xa, na certificación da acta da sesión do 3 de maio de 1934 recóllese o acordo tomado pola Comisión Xestora, na sesión do día 18 de marzo, polo que se lle concedía un voto de grazas ao inspector pola doazón que fixera á *Casa del Maestro*, con todos os seus dereitos, da obra da que era autor, titulada *Enciclopedia Escolar*.<sup>77</sup>

O 13 de maio decidíase dirixir circulares ás casas editoras, librarias, centros de ensino, profesorado, mestres, particulares etc., en solicitude de libros de regalo para a formación da biblioteca, así como indicar ás casas editoriais e librarias a conveniencia de remitiren material escolar coa finalidade de ter unha exposición permanente, que puidese ser vista e apreciada polos socios da Casa. Nesa mesma sesión ordinaria da Xunta Directiva, a presidencia daba conta de ter solicitada unha biblioteca escolar ao Padroado de Misións Pedagóxicas.

Para facilitar a adquisición de libros e o mellor éxito deste servizo da Casa, abriuse unha subscrición. Foi iniciada polos asociados Maximino Portela, Alfredo García Hermida, José Ron, Dolores Crespo, José Meis, Paulo Novás, Abilio Bernaldo de Quirós e Juan A. Vijande, con 5 pesetas cada un. Os donativos podían entregarse nos seguintes sitios: *Casa del Maestro*, Habilitación do Maxisterio, Librería de "Hijos de Luis Martínez" (rúa da Oliva) e Librería de D. Eladio Portela (rúa de Michelen).

Ao chamamento do 13 de maio de 1934 respondeu axiña a Deputación Provincial. Na sesión do 10 de xuño comisionouse ao bibliotecario para que se presentou naque

---

<sup>77</sup> *Vid. Actas*, fols. 3v. e 4. Na acta da sesión extraordinaria da Xunta Directiva do 3 de maio, acórdase comunicarlle ao inspector Álvarez Limeses este recoñecemento. Na *Gaceta* do 08/03/1933 aparece unha orde pola que Pedro Caselles Rollán substituía a Gerardo Álvarez Limeses como inspector-xefe da provincia de Pontevedra. Álvarez Limeses pasaría de novo a xefatura a comezos de 1935. No *Boletín Provincial de Educación*, 14 (1935) hai información sobre un acto do 2 de xaneiro, no que "el Inspector-Jefe Sr. Álvarez Limeses pronunció unas breves palabras de bienvenida a los nuevos inspectores posesionados Sres. Sabell, Rodríguez Figueiredo y Liste, congratulándose de que hayan ejercido el cargo de Maestros en esta provincia".

institución e recibir os libros que estimase de utilidade para a biblioteca, de entre os que lle concedera a Deputación.

Pola súa banda, a Xunta de Intercambio e Adquisición de Libros enviou 32 volumes, e Misións Pedagóxicas, 29 volumes. Nese sentido, Otero Urtaza, en *Las Misiones Pedagógicas: Una experiencia de educación popular*, a partir dunha cita de Álvarez Santullano, destaca este cometido do Padroado de Misións: “Aparte de las escuelas y Centros de Colaboración Pedagógica, recibieron también bibliotecas, numerosas Casas del Maestro, preventorios infantiles, los marineros de un barco de guerra, Hogares del soldado, torreiros de faro, Casas del Pueblo y algunas asociaciones culturales no oficiales”.<sup>78</sup>

A preocupación por este tema foi unha constante ao longo do tempo. Na sesión do 29 de setembro de 1935 acordouse solicitar do reitor da Universidade de Santiago algúns exemplares da conferencia de apertura de curso, a cargo do catedrático Pérez Argilis.

Coa finalidade de que a biblioteca comezase a funcionar canto antes, a ser posíbel o día 17 de xuño de 1934, con motivo da Xunta Xeral, acordouse adquirir os libros seguintes:

- DE BIBLIOTECA NUEVA DE MADRID: 12 volumes de doutrinas sociais, con rebaixa do 50% que facía á Casa.
- DA EDITORIAL LABOR. As seguintes seccións co correspondente prezo:<sup>79</sup>

- Sección I. Ciencias filosóficas.....	131 ptas.
- Sección II. Educación.....	142
- Sección VI. Ciencias históricas.....	243
- Sección VII. Xeografía.....	217
- Sección X. Ciencias Naturais.....	151
TOTAL..... 884 ptas.	

Este importe de 884 ptas. sería aboados en prazos de 25 ptas. Mensuais.<sup>80</sup>

Na sesión ordinaria da Xunta Directiva do 27 de xaneiro de 1935 acordouse a adquisición seguinte:

---

<sup>78</sup> E. Otero Urtaza, *Las Misiones Pedagógicas: Una experiencia de educación popular*, op. cit., 119.

<sup>79</sup> Na sesión ordinaria do 24 de xuño dáse conta de recibir este pedido de cinco seccións. Infórmase, igualmente, de que a Casa Espasa Calpe remitira en concepto de depósito ata o mes de setembro unha colección de obras pedagóxicas, de educación e ensinanza. Na sesión do 30 de setembro acórdase adquirir estas obras, “remitiéndole, a tal efecto, contrato firmado y que importa cuatrocientas cinco pesetas, con trece céntimos, a pagar en plazos de veinte ptas. mensuales” (aceptación, en acta do 28/10).

<sup>80</sup> En *El Noticiero Gallego*, de 25/06/1934, tamén se informa: “La Biblioteca.- La Junta Directiva acordó adquirir con destino a la Biblioteca de la Casa cinco secciones completas de ‘Editorial Labor’, formadas por 200 volúmenes y cuyo importe asciende acerca de 1.000 pesetas”.

- 100 obras de literatura española e universal dos melhores autores, ao prezo de 75 céntimos cada unha.
- 27 obras de autores contemporáneos, ao mesmo prezo.
- Todas as obras de carácter pedagógico que figuraban no catálogo da *Revista de Pedagogía* e a prazos, co desconto correspondente, por ser a Casa subscriptora desta revista.
- No referente a *Los Episodios Nacionales* e obras poéticas completas de Curros, Rosalía de Castro e Lamas Carvajal, antes da súa adquisición en firme, acórdase que o bibliotecario se informase de prezos e condicións de pagamento, a ser posibel a prazos.

A principios de 1935, a biblioteca xa contaba cun fondo considerábel. Na sesión do 24 de febreiro acordouse imprimir mil exemplares do catálogo de obras existentes na Biblioteca. Son, en total, 497 os títulos que recolle o *Catálogo General de la Biblioteca Circulante de la Casa del Maestro de Pontevedra*, editado na Imprenta de A. Couceiro (rúa García Camba, 4) de Pontevedra.

O *Catálogo*, que incluía ao final as referidas “Notas” redactadas polo bibliotecario José Meis Martínez, ía servir, pois, de orientación para que o Maxisterio pontevedrés pertencente á *Casa del Maestro* dispuxese dunha biblioteca circulante. Cada mestre ou mestra podía ter á súa disposición durante un mes (15 días, se era da capital ou arredores) o libro solicitado. Para facilitar o labor difusor da biblioteca, os mestres e mestras de escolas próximas podían poñerse de acordo na petición de libros e intercambialos dentro do prazo sinalado. O número do libro que figuraba no catálogo servía de referencia no momento da petición.

De acordo cos criterios de adquisición do fondo establecidos, o *Catálogo* está organizado en varias seccións e epígrafes. Cada apartado contén os correspondentes títulos:

Seccións/apartados	Número de títulos ou volumes
I. Ciencias filosóficas	22 <sup>81</sup>
II. Educación	24
III. Ciencias históricas	38
IV. Xeografía	31
Varias	63 <sup>82</sup>
Das cen melhores obras da literatura española	42

<sup>81</sup> Entre os títulos, *La Psicología contemporánea*, de V. Viqueira.

<sup>82</sup> Figuran aquí dous títulos en galego: *Contiños da Terra*, do mestre estradense M. García Barros, e *O Cantar dos Cantares*, de E. Rodríguez Elías. Neste último autor hai, quizais, un erro no nome: trátase de Avelino Rodríguez Elías (Afife, Portugal, 1872-Asunción, Paraguai, 1958), escritor e xornalista, correspondente da Real Academia

Seccións/apartados	Número de títulos ou volumes
Das cen mellores obras da literatura universal	29
Contemporáneos	13 <sup>83</sup>
Lírica galega	7 <sup>84</sup>
Obras didácticas	139 <sup>85</sup>
Obras de cultura xeral	39 <sup>86</sup>
Xeografía descriptiva	9
Doutrinas sociais	12
Varias	6
TOTAL	497

Otero Urtaza, no texto antes citado sobre as Misións Pedagóxicas, destaca o papel das bibliotecas cara á formación do maxisterio: “Las bibliotecas distribuidas en las Casas del Maestro y los Centros de Colaboración Pedagógica, de bibliografía útil para las escuelas, debía servir de ayuda para la formación de los maestros”.<sup>87</sup> E sobre o papel das bibliotecas, non ten desperdicio a introdución ao decreto do 7 de agosto de 1931 (*Gaceta*, do 08/08), polo que se establecían bibliotecas nas Escolas Nacionais:

No basta construir escuelas para que se cumpla plenamente el desenvolvimiento cultural que España necesita. Urge, entre otras misiones pedagógicas que se irán articulando y cumpliendo, divulgar y extender el libro. Una escuela no es completa si no tiene la cantina y el ropero que el alumno necesita; no es completa tampoco si carece de la biblioteca para el niño, y aun para el adulto, y aun para el hombre necesitado de leer. Empieza a tener España las escuelas que le faltaban; las tendrá todas en breve. De lo que carece casi en absoluto es de bibliotecas, de pequeñas bibliotecas rurales que des-

Galega e cronista oficial de Vigo, exiliado en 1936, que publicou *O Cantar dos Cantares (poemas gallegos)*, Madrid, 1922.

<sup>83</sup> De escritores galegos, *Volvoreta*, de Fernández Flórez; *Los pazos de Ulloa*, de Pardo Bazán, e *La Guerra Carlista*, de Valle Inclán.

<sup>84</sup> Son, en realidade, 12 títulos: “Espinás, follas e frores” e “A musa das Aldeas” (número de entrada 417); “La monja de San Payo”, “Las dos perpetuas” e “Desde la reja” (n.º 419); “Saudades gallegas”, “Gallegada” e Cartas a os gallegos” (n.º 420), “Fumo de palla”, por A. Nan de Allariz (n.º 421); “No desterro” e “A terra asoballada”, de Cabanillas (níums. 421-422) e “Follas Novas”, por Rosalía de Castro (n.º 418).

<sup>85</sup> Aínda que o título “Obras Didácticas” figura engadido inmediatamente despois de “Lírica Gallega” (níum. 417), en realidade as obras de carácter didáctico son as que aparecen a partir do número 424. Os títulos corresponden na maioría á literatura didáctica do movemento da Escola Nova, tanto da europea como da americana. Inclúe o libro *Por la Europa Pedagógica*, de Emilio Sotelo Rey, que, por R.O do 01/06/1911, cando era mestre en Bueu (Pontevedra), foi pensionado pola JAE (pensionés en grupo) para facer unha viaxe de tres meses a Francia e Bélgica.

<sup>86</sup> Se ben comeza con “Libros de la naturaleza”, a partir do número 232 figuran outras obras de carácter xeral. Os números 480-483, *Libro de la Agricultura Regional, El Periodismo en Pontevedra, Los Jardines escolares e Pontevedra* (Recuerdos, monumentos, música, costumbres) son da autoría de J. L. Otero. Trátase do perito agrícola e xornalista pontevedrés José López Otero (véxase A. S. Porto Ucha, “Luís Carragal Peón”, en *Historias de vida*, Ponteareas, Alén Miñño, 2003, p. 127).

<sup>87</sup> E. Otero Urtaza, *op. cit.*, p. 109.

pierten, viéndolas, el amor y el afán del libro; que hiciieran el libro asequible y deseable; que lo lleven fácilmente a todas las manos. Una biblioteca atendida, cuidada, puede ser un instrumento de cultura tan eficaz o más eficaz que la escuela. Y en los medios rurales puede y debe contribuir a esta labor, que realizará la República, de acercar la ciudad al campo con objeto de alegrar, humanizar y civilizar el campo, evitando que se despuele en este anhelo angustioso de buscar en la ciudad todo lo que el campo no ha tenido hasta hoy.

A estimábel biblioteca de *Casa del Maestro* perdeuse coa guerra. En outubro de 1936 a Delegación de Orde Pública de Pontevedra publicou un aviso na prensa en que lles advertía aos mestres que tiñan no seu poder obras da biblioteca circulante da *Casa del Maestro* da obriga de entregalas na Comisaría de Policía “a fin de que sean reintegradas a la Biblioteca para la utilización patriótica que se designe”.<sup>88</sup>

Xunto coa adquisición e formación dun importante fondo bibliográfico, a *Casa del Maestro* de Pontevedra non desatendeu as subscricións á prensa diaria dende os primeiros momentos. Na sesión do 15 de xullo de 1934 acordouse a subscrpción aos xornais *Ahora* e *Liberal*, e ás revistas profesionais *Magisterio Español* e *Revista Pedagógica*. Respecto ao *Faro* e *El Pueblo Gallego*, recomendou que se adquirisen no período de vacacións. Acordouse, así mesmo, subscribirse á *Gaceta*, e adquirir o *Diccionario de Legislación escolar*, de Victoriano Fernández Ascarza. Máis adiante, na sesión do 31 de marzo de 1935 acórdase que se indaguen prezos e sitios de subscrpción do *Boletín del Bureau Internacional da Sociedade de Nacións*. Na sesión do 8 de marzo de 1936, a subscrpción á revista *Estímuo*.

### **Apoio á actividade profesional**

Por imperativos de espazo, limitámonos soamente a sinalar aquelas actividades profesionais máis significativas das que se ocupou a *Casa del Maestro* durante aqueles dous anos:

- a) Os problemas diarios da profesión, dos que queda ampla constancia nos libros de *Actas*. Importante foi durante aqueles anos o apoio da *Casa del Maestro* á actividade profesional dos mestres e mestras: concursos, “cursillistas”, prazas vacantes como consecuencia da posta en marcha do Plano quinquenal de creación de 27.151 novas escolas no territorio nacional, casas-escola e casas-habitación en locais alugados, o tema das graduadas, actividades de tipo formativo, a idea dun “frente único” etc.
- b) A problemática das clases para adultos, canalizadas preferentemente a través dos mestres. O tema estaba relacionado coas altas taxas de analfabetismo imperante.
- c) A función de axuda material. Préstamos, socorros de enfermidade e defunción.

---

<sup>88</sup> Delegación de Orden Público de Pontevedra, *El Noticiero Gallego*, 11/10/1936, p. 3.

- d) As subscricións a favor dos compañeros presos como consecuencia da Revolución de Asturias (1934).
- e) O apoio á información.
- f) A elaboración dun nomenclátor de todas as escolas nacionais da provincia.<sup>89</sup> O obxectivo era contar “con todos los datos necesarios que sirvan de verdadera orientación a los maestros para pedir escuelas por los distintos medios de provisión”.
- g) A difusión de traballos escolares, exposicións e a idea dun museo escolar.

**Actividades lúdicas e culturais** dirixidas a reduciren o illamento dos mestres e mestras perdidos moitos deles/elas polas aldeas do rural da provincia:

- Habilitación de espazos na mesma finca “La Tablada” e compra de material diverso: xogo de chave, taboleiros de “parcheesi” etc. para actividades de lecer no propio local social.
- Veladas e festas, co baile e a orquestra do mestre Taboada.<sup>90</sup>
- Homenaxes, banquetes e comidas.
- Conferencias.
- Excursións pedagógicas.
- Actividades relacionadas coa “Escola Rural”.
- A referida creación dun órgano de expresión, *Escuela Vivida*,<sup>91</sup> na que se reservou un espazo para os compañeros doutras asociacións, entre elas, a ATEVigo.

### O final da experiencia. O asañamento con *Escuela Vivida*

Sorprende a intensa actividade desenvolvida pola *Casa del Maestro* durante estes dous anos. Pero o golpe de Estado dunha parte dos militares en xullo de 1936 botou abaixo a ilusión dos mestres e mestras da asociación. Moi significativo foi o asañamento que o “novo réxime” tivo coa revista ou semanario da *Casa del Maestro*. Podemos afirmar que *Escuela Vivida*, o órgano profesional do maxisterio pontevedrés, foi seguido minuciosamente no seu contido para iniciar o proceso represor en toda a provincia. Tense dito que a listas estaban xa feitas antes do comezo da guerra. Non facía falta. Entre as distintas fontes dos que estaban no punto de mira, alí aparece *Escuela Vivida*. Como levamos posto de manifesto en distintas ocasións, a colección que se conserva no Museo

---

<sup>89</sup> Salvouse completa a documentación referida ao partido xudicial de Ponteareas (Ponteareas, Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves e Salvaterra), e algunha outra doutros lugares.

<sup>90</sup> Este tipo de actividades contou ás veces con críticas.

<sup>91</sup> Como xa manifestamos anteriormente, e grazas aos datos facilitados por Roxelio Pérez Poza, secretario da Fundación Luís Tilve, sabemos do papel do seu avó, o inspector Roxelio Pérez González, no seguimento da revista, autor dos editoriais do semanario.

Provincial de Pontevedra aparece subliñada nas cores vermella e azul, parece ser, para determinar quen debería ou non ser represaliado. Algúns, toparon coa morte. Non todos os que figuran no xornal pertencían á *Casa del Maestro*, ou, polo menos, non figuran no Libro de Actas consultado. Lembremos que a Asociación de Traballadores do Ensino de Vigo (ATEV) solicitara unha páxina para incluír as súas informacions.<sup>92</sup> A Revista recolle aspectos que se tiveron moi en conta: as sinaturas a favor de Marcelino Domingo, a Revolución de Asturias e a adhesión e achegas económicas para cos profesionais do ensino presos, o apoio a determinadas figuras do período republicano (Rodolfo Llopis, Cossío, Luzuriaga etc.), a participación nos tribunais con motivo dos “Cursillos de Selección Profesional” nos momentos do comezo da guerra, o Congreso de Traballadores do Ensino, organizado en Vigo en 1936 etc. En xeral, todo o espírito da política educativa posta en marcha naqueles anos, “o soño emancipatorio e ilustrado de moitos educadores”.<sup>93</sup> Despois, como deixou para a historia Celso Emilio Ferreiro, viría a “longa noite de pedra”.

Sabemos que durante o bienio radical-cedista (1933-35), especialmente a partir da revolución de outubro de 1934, propagouse a idea de que o Maxisterio instigara e participara no movemento revolucionario.<sup>94</sup> Algúns dos implicados deron cos ósos no cárcere. Garrido Moreira sinala no seu meritorio estudo sobre *Víctor Fraiz*<sup>95</sup> que “coa Revolución de Outubro de 1934 mataron e apreixaron a un bo número de afiliados á FETE, contando entre eles un morto en Galiza, Ángel Mato, presidente da Sección de Ferrol. No número 24, de 23 de outubro de 1935, *Escuela Viva*, ofrece a relación de “compañeros condenados hasta el momento que sufren condena en varios penales”. Na listaxe dos detidos na provincia de Pontevedra, que tamén recolle Garrido Moreira, “elaborada polo propio Víctor Fraiz”, figuran os seguintes: Víctor Sánchez Martínez, mestre de Coiro-Cangas (3 meses), José Vázquez Grela, mestre de Nigrán (2 meses), Víctor Fraiz Villanueva, mestre de Coia-Vigo (3 meses), Manuel Martínez Pereiro, mestre de Redondela (20 días), Antonio Morales Belmonte, mestre da Illa de Arousa (15 días), Jesús Eugenio Pérez, mestre de Achas-A Cañiza (15 días), o freinetiano José Benito González, mestre da Cañiza (15 días), Segundo Nine Fernández, mestre de Ribadumia (6 meses) e Nieves Álvarez García, alumna da Normal de Ourense, detida en Vigo (2 meses).

Para axudar os implicados, creouse a Comisión Nacional de Socorro aos Mestres Presos e ás súas Familias. En Pontevedra constituíuse unha delegación, formada por Antonio Vidal, Cesáreo Feijoo, Víctor Fraiz e José Meis. Da primeira lista de doadores, que tamén incorpora Garrido Moreiras no seu traballo, moitos deles foron expedientados

---

<sup>92</sup> Por tratarse dunha asociación e coa conseguinte federación (a FETE) vinculada a un sindicato (UGT), ATE foi moi represaliada.

<sup>93</sup> Víctor Juan, “El susurro de los materiales. La exposición permanente del Museo Pedagógico de Aragón”, en Rafael Giménez Martínez, Elena Morforte Ezquerro *et al.*, *Los secretos del Museo Pedagógico de Aragón. Guía de urgencia*, (Huesca: Gobierno de Aragón, 2009), 49.

<sup>94</sup> María del Campo Pozo Fernández, *La depuración del Magisterio Nacional en la ciudad de Málaga (1936-1942)*, (Málaga: Servicio de Publicaciones, Diputación Provincial de Málaga, 2001): 60-61.

<sup>95</sup> Emilio Garrido Moreira, *Víctor Fraiz. Vida e asasinato dun mestre exemplar*, (Santiago de Compostela: Fundación Luís Tilve, 2002) 189-190. O autor achega máis información sobre as detencións a nivel nacional no Anexo I, pp. 211-219.

máis tarde con motivo da depuración. Aparecen coa más rigorosa resolución de separación do servizo e baixa na escala, M.<sup>a</sup> Concepción Panadero Charlín (mestra de Coia), Enrique Vidal Bustamante (mestre de Vigo), José Cribreiro González (mestre de Donas), Ricardo González Vicente (mestre de Vigo) e Antonio Juárez Crespo (mestre de Freixeiro). Entre outros, con distintas resoluciones de traslado dentro/fóra da provincia, suspensión de emprego e soldo e/ou de traslado e inhabilitación para cargos directivos, achamos o citado Cesáreo Feijoo Soto (mestre de Vigo), Celso Núñez Iglesias (mestre de Teis), Emilia Novoa de la Iglesia (mestra de Moaña), José Garrido Álvarez (mestre de Cabral), Juliana Gómez Martín (mestra de Donas), Antonio Goldar Rivas (mestre de San Xurxo-Salceda de Caselas) e Manuel Muíños Senra (mestre de Laxoso).

A revista inclúe tamén información puntual da subscrição aberta entre as mestras e mestres para contribuír á homenaxe de adhesión a Marcelino Domingo. No número 2, de agosto de 1935, destaca o Manifesto “A los profesionales de la enseñanza”, onde se di que “Los maestros españoles preparan en honor del Sr. Domingo un homenaje justísimo que habrá de consistir en la edición de los principales trabajos de índole pedagógica y cultural salidos de su pluma brillante, ágil y resuelta y en los que ha ido fijando, con fortaleza y tenacidad insuperables los pensamientos que han sido las directrices de toda su vida y de los cuales descuellan el amor a la escuela y el ansia de dignificación moral y material del maestro”. Asinan o manifesto José Benito González, Maximino Portela, Víctor Fraiz, Paulo Novás, Pedro Caselles Rollán, Rogelio Pérez, José A. Vijande, José Meis, Bibiano F. Osorio, Virgilio Trabazo, Santiago B. Barreiro, Francisco Soliño, Aurelio Rey, Antonio Soto, Sebastián Portas, José Ron, Luz Poza e Dolores Crespo. Na “1<sup>a</sup> lista de donativos” (*Escuela Vivida*, 02/08/1935) hai nomes coñecidos de mestras e mestres, que sufrirían más tarde depuración con mellor ou peor fortuna: Paulo Novás Souto (Escola Preparatoria do Instituto, fusilado), José Meis Martínez (Seixo-Marín, fusilado), Gonzalo Pardellas Puga (Arcos-Ponteareas, expulsado do corpo), José García Casalderrey (Frades-Mondariz, expulsado), Antonio Santos Martínez (Valadares), Alfredo García Hermida (Pontevedra), Cipriano Jiménez Rodríguez (Seixido), Francisco Soliño Pintos (Alcabre), José Ron Cabarcos (Salcedo), con distintas sancións. Constan igualmente Bibiano F. Osorio Tafall (catedrático do Instituto de Pontevedra) e os inspectores Rogelio Pérez González e Manuel Maceda. *Escuela Vivida* publicaba tamén no número de 16 de novembro de 1935 e seguintes, “Un gran discurso de don Marcelino Domingo”,<sup>96</sup> correspondente á Clausura da Asemblea da Confederación de Mestres.

En 1936 sobresaí o Congreso Rexional de Galicia de *Trabajadores de la Enseñanza*, que se desenvolveu entre o 17 e o 24 de maio. A revista contén ampla información en canto aos temas tratados e ás persoas que participaron. É de interese igualmente a información sobre o desenvolvemento do Curso de Selección Profesional para o ingreso no Maxisterio Nacional, convocado pola Orde da Dirección Xeral de Primeira Ensinanza, do 17 de marzo (“Cursillistas de 1936”). No número 56, de 23 de xuño, *Escuela Vivida* informaba do plebiscito que tería lugar o 28 do xuño sobre a autonomía de Galiza, e dos

---

<sup>96</sup> Un gran discurso de don Marcelino Domingo. *Escuela Vivida*, 16/11, 23/11, 02/12, 09/12 e 16/12/1935. Como colofón, publica “Jose Ron Cabarcos Axiomas, corolario y llamamiento”, *Escuela Vivida*, 09/12/1935.

aspectos da ensinanza contidos no Estatuto, en relación coa Constitución española de 1931. Sabela Rivas Barrós destaca como un mes antes deste plebiscito autonómico, un grupo de 23 mestres e mestras afiliados ao Partido Galeguista asinaban un manifesto dirixido especialmente ao profesorado, “no que se declaran defensores do Estatuto como paso imprescindible no camiño da galeguización do ensino e dun destino prometedor para Galicia”.<sup>97</sup> Entre os asinantes de manifesto figuran Avelino Pousa Antelo<sup>98</sup> (rematara os estudos de Maxisterio en 1935 polo plan “de cultura xeral”, “cursillista” que quedou tamén sen escola) e José Toba Fernández, este último director da Escola Graduada Anexa á Normal de Santiago, que foi sancionado con separación definitiva do servizo, segundo un oficio asinado en Burgos o 13 de maio de 1937.

Xa levamos posto de manifesto que en *Escuela Viva* non consta un equipo de redacción. Semella unha tarefa compartida. As distintas seccións estaban ao cargo de persoal da Xunta Directiva e da Sección de Iniciativas, co apoio dos correspondentes en cada concello da provincia. Hoxe sabemos que o inspector Rogelio Pérez González tivo un peso específico no equipo responsable da redacción.<sup>99</sup> Foi apartado do seu cargo de inspector en setembro de 1936 e separado do servizo e dado de baixa na escala, o 20 de febreiro de 1937. Non foi readmitido ata os anos corenta.

Dos que ocuparon cargos directivos na *Casa del Maestro* e figuran nas páxinas da revista, tres foron fusilados: Paulo Novás Souto, José Meis Martínez e Gonzalo Martín March. Á parte, Víctor Fraiz Villanueva e Apolinar Torres López, que, sen figuraren asociados, pertencían á Federación de Traballadores do Ensino. Os demais que ocuparon cargos sumíronse no seu particular exilio interior, con distintas sancións. Outros, sufriron exilio exterior, como Luís Soto Fernández (non figura como asociado) ou Ramón Valenzuela Otero.<sup>100</sup> José Ron Cabarcos, secretario da Sociedade, tomaba o camiño de Salamanca. Outros asociados que colaboraron na publicación, como Pedro Caselles Rollán, José García Nodar, Nicolás Gutiérrez Campo e José Viéitez Iglesias, recibirían tamén fortes sancións. Cipriano Jiménez Rodríguez, mestre de Seixido (A Lama), escribía “Cossío”, a propósito da morte do discípulo de Giner en 1935; hai, polo menos, tres artigos máis de Cipriano Jiménez: “Delincuencia infantil y Tribunales para niños” (números 1 e 2) “Insistiendo en el error”, n.º 51) e “El problema de la asistencia escolar” (números 34, 37, 38, 42, 49 e 57).

---

<sup>97</sup> Sabela Rivas Barrós (2001), *A derradeira lección dos mestres. Galeguismo e pensamento pedagógico (1900-1936)*, (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2001) 184-185.

<sup>98</sup> O daquela mozo e mestre Avelino Pousa Antelo publicaba “Lo que es y lo que debiera ser”, en *Escuela Viva*, 23/12/1935, un artigo de carácter educativo “con profunda simpatía a esa magnífica institución ‘Casa del Maestro de Pontevedra’ honra y prez del Magisterio y de Galicia. Mi humilde tributo de admiración”.

<sup>99</sup> Véxase Anxo Serafín Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil, *Organización societaria e depuración do Maxisterio. A Casa del Maestro de Pontevedra*, (Santiago de Compostela: Fundación Luis Tilve, 2019).

<sup>100</sup> Ramón Valenzuela Otero, vicesecretario da Sección de Iniciativas da *Casa del Maestro* en 1935, pertencia á terceira promoción mixta do Plano Profesional, dos que remataron en 1936 os tres cursos anteriores ao período de práctica docente. Por iso non figura en principio entre os separados e depurados. Co inicio da guerra, foi detido e encarcerado en Silleda. Fuxiu despois a Francia, onde foi detido e condenado tras a ocupación nazi. En 1949 marchou a Bos Aires.

## Desmantelamento da *Casa del Maestro*

A guerra vai supoñer a desaparición das instalacións e servizos da modélica *Casa del Maestro* de Pontevedra. A asociación manifestara desde os seus inicios afinidade coa política educativa dos gobernos de esquerda da Segunda República, e iso vaille supoñer un altísimo custo persoal e material.

A *Casa del Maestro* sumouse á homenaxe que en 1936 se lle tributou en Madrid a Marcelino Domingo, que fora o primeiro ministro de Instrucción Pública da Segunda República, na etapa dos gobernos provisionais. Cando Marcelino Domingo, tras o triunfo da *Frente Popular* nas eleccións de febreiro de 1936, asume de novo a carteira de Instrucción Pública, a directiva da *Casa del Maestro*, e no seu nome o presidente Paulo Novás, envíalle un escrito para lle manifestar a admiración pola obra de creación de escolas posta en marcha no inicio da República e logo ralentizada no segundo bienio, durante a sucesión de gobernos da CEDA, cando se tomaron medidas “que revelan una completa desorientación, cuando no un desacuerdo o una ficción; se llegó a un verdadero desbarajuste legislativo”.<sup>101</sup>

Esta afinidade cos gobernos de esquerda da *Casa del Maestro* de Pontevedra servirá de pretexto para as medidas represivas que contra os seus integrantes se puxeron en marcha, como se explica neste capítulo, e que supuxeron tamén o desmantelamento das súas instalacións e servizos. E así, o 30 de xullo de 1936, a policía gobernativa clausurou a *Casa del Maestro* pontevedresa e en outubro avisouse a través da prensa aos mestres e mestras que tiñan no seu poder libros da biblioteca circulante da *Casa del Maestro* da obriga de entregálos na comisaría de Policía “a fin de que sean reintegrados a la Biblioteca para la utilización patriótica que se designe”.<sup>102</sup> Pouco despois, unha representación da extinta asociación reunise coa Xunta de Goberno de Orfos do Maxisterio da Pontevedra e entregoulle os fondos da sociedade, que ascendían “a dos mil y pico de pesetas”,<sup>103</sup> en cumprimento do estipulado no artigo 48 do regulamento inicial da sociedade.

Eliminouse así o sostén material da *Casa del Maestro*, aínda que moito más grave foi a eliminación e os castigos contra os seus membros. En plena contendida, as críticas contra o movemento asociativo do maxisterio e contra a *Casa del Maestro* utilizáronse para xustificar moitas atrocidades. Un articulista, oculto tras o pseudónimo de Fray Magister, acusaba en 1938 ás asociacións de mestres de intereses inconfesábeis e de inxerencias políticas baixo o manto da “extensión cultural”, tras o cal “alguna que otra intitulada ‘Casa del Maestro’ se empeñaba, mediante bibliotecas y conferencias, en reavivar vínculos fraternos y los naturales afanes por el saber y consiguientes perfeccionamientos didácticos. ¡Más todo en vano!”.<sup>104</sup> A mensaxe é clara:

---

<sup>101</sup> Asociaciones. La Casa del Maestro. *El Noticiero Gallego*, 11/03/1936, p. 4. Entre o 16 de decembro de 1933 e o 19 de febreiro de 1936 houbo oito cambios e seis ministros no Ministerio de Instrucción Pública, o cal fai patente a inestabilidade na carteira de Educación, fundamental para a Segunda República.

<sup>102</sup> Delegación de Orden Público de Pontevedra. *El Noticiero Gallego*, 11/10/1936, p. 3.

<sup>103</sup> Huérfanos del Magisterio. *El Noticiero Gallego*, 11/11/1936, p. 3.

<sup>104</sup> Fray Magister. Mirada retrospectiva a la vida societaria. *El Noticiero Gallego*, 11/01/1938, p. 4.

¡Qué en lo económico, en lo cultural y en lo moral las actuales agrupaciones societarias del Magisterio primario contribuyan a disipar, con la ejemplaridad de su actuación, el no muy edificante recuerdo de las asociaciones al nacer la España gloriosamente liberada! Así sea. Y no termino sin enviar un cumplido aunque humilde pláceme a la Asociación Católica de Maestros de esta provincia que tan bien sabe llenar sus elevadas y sublimes aspiraciones societarias con el reglamentario domingo mensual de retiro.<sup>105</sup>

## Bibliografía

- Álvarez Castro, X. "Cunetas sembradas de la muerte. La represión extrajudicial en la comarca de Pontevedra". En *El terror fascista en Galicia*, ed. Memòria antifranquista del Baix Llobregat, 15-20 (Cornellà de Llobregat: Associació per a la Memòria Històrica i Democràtica del Baix Llobregat, 2013).
- Brecht, Bertolt. *La madre. Cabezas redondas y cabezas puntiagudas*. Madrid: Alianza, 2009 [1930].
- Cid Fernández, Xosé Manuel. *Educación e ideoloxía en Ourense na IIª República: organización e acción socioeducativa do Maxisterio Primario*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1989.
- Cid Fernández, Xosé Manuel. "A represión franquista en Ourense. Novos argumentos contra a desmemoria da persecución sufrida polo maxisterio". *Sarmiento, Revista galego-portuguesa de Historia da Educación*, nº 21 (2017): 73-99.
- Costa Rico, Antón. *Escolas e Mestres. A Educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*. Santiago de Compostela: Consellería da Presidencia e Administración Pública, 1989.
- Costa Rico, Antón. *Historia da educación e da cultura en Galicia*. Vigo: Xerais, 2004.
- Gabriel Fernández, Narciso de. "Víctor Fraiz Villanueva: Proceso a la FETE y a la escuela republicana", *Historia y Memoria de la educación*, nº 13 (2021): 541-578.
- Garrido Moreira, Emilio. *Víctor Fraiz. Vida e asasinato dun mestre exemplar*. Santiago de Compostela: Fundación Luis Tilve, 2002
- Juan Borroy, Víctor. "El susurro de los materiales. La exposición permanente del Museo Pedagógico de Aragón": En *Los secretos del Museo Pedagógico de Aragón. Guía de urgencia*, ed. Rafael Giménez Martínez, Elena Morforte Ezquerro *et al.*, Huesca: Gobierno de Aragón, 2009.

---

<sup>105</sup> *Ibid.*

- Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel. "Las bibliotecas escolares en la primera década del franquismo: entre el amanecer y la luz cegada", *Historia da Educaçao*, vol. 21, nº 53 (2017): 239-266.
- Molero Pintado, Antonio (dir.) *Ciento cincuenta años de perfeccionamiento del Magisterio en España (desde las academias de profesores a la creación de los CEPs, 1840-1984)*. Madrid: Universidad de Alcalá de Henares, 1984.
- Morente Valero, Antonio. *La escuela y el Estado Nuevo. La depuración del Magisterio Nacional (1936-1943)*. Valladolid: Ámbito, 1997.
- Otero Urtaza, Eugenio. *Las Misiones Pedagógicas: Una experiencia de educación popular*. Sada – A Coruña: Ediciós do Castro, 1982.
- Perfecto García, Miguel Ángel. "Corporativismo y catolicismo social en la Dictadura de Primo de Rivera", *Studia Histórica. Historia Contemporánea*, nº 2 (1984): 123-147.
- Porto Ucha, Ángel Serafín. *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*. Sada – A Coruña: Ediciós do Castro, 1986.
- Porto Ucha, Ángel Serafín. "Aproximación al esquema organizativo de la Misión Biológica de Galicia en su primera época (1921-1936)", *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, nº 5 (1988): 89-98.
- Porto Ucha, Ángel Serafín. *Historias de vida: o Maxisterio pontevedrés na Segunda República, Guerra Civil e comezos do Franquismo*. Ponteareas (Pontevedra): Alén Miño, 2003.
- Porto Ucha, Ángel Serafín. *La Institución Libre de Enseñanza y la renovación pedagógica en Galicia*. Sada – A Coruña: Ediciós do Castro, 2005.
- Porto Ucha, Ángel Serafín e Raquel Vázquez Ramil. "La prensa pedagógica en Galicia durante la II República: *Escuela Vívida*, órgano de la asociación Casa del Maestro de Pontevedra", en *Prensa pedagógica y patrimonio histórico educativo: contribuciones desde la Europa mediterránea e Iberoamérica*, coord. por José Mª Hernández Díaz, 301-313. Salamanca: Universidad de Salamanca, 2013.
- Porto Ucha, Ángel Serafín e Vázquez Ramil, Raquel. "Innovacións na educación popular: As Misiós Pedagógicas en Galicia durante a Segunda República". *Innovación Educativa*, nº 23, (2013b): 111-126.
- Porto Ucha, Ángel Serafín e Raquel Vázquez Ramil, Raquel. "Tras las huellas de la prensa freinetiana en Galicia: *Faro Infantil*, periódico de los niños de la Escuela de A Cañiza (Pontevedra)", en *La prensa de los escolares y estudiantes. Su contribución*

*al patrimonio histórico educativo*, coord. José María Hernández Díaz, 165-178. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca, 2015.

Porto Ucha, Ángel Serafín e Raquel Vázquez Ramil. *La escuela activa y el entorno. Una aproximación a través de los paseos, visitas y excursiones durante la Segunda República*. Santiago de Compostela: Andavira, 2017.

Porto Ucha, Ángel Serafín e Raquel Vázquez Ramil. *Organización Societaria e Depuración do Maxisterio: A Casa del Maestro de Pontevedra (1934-1936)*. Santiago de Compostela: Fundación Luís Tilve, 2019.

Pozo Fernández, María del Campo. *La depuración del Magisterio Nacional en la ciudad de Málaga (1936-1942)*. Málaga: Servicio de Publicaciones, Diputación Provincial de Málaga, 2001.

Rivas Barrós, Sabela. *A derradeira lección dos mestres. Galeguismo e pensamento pedagóxico (1900-1936)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2001.

Terrón Bañuelos, Aida. “Cien años de defensa colectiva: la dinámica societaria y sindical del Magisterio Español”, *Sarmiento. Anuario Galego de Historia de la Educación*, nº 3 (1999): 279-299.

### **Fontes hemerográficas**

Mencía, Andrés, “Del Magisterio. Más identificación y más ideal”, *La Zarpa*, 22/04/1922.

“Inauguración de la Casa del Maestro de Madrid”, *El Eco de Santiago*, 14/11/1927.

“Casa del Maestro”, *El País. Diario Republicano de la tarde*, 29/11/1933,

“Casa del Maestro”, *El Noticiero Gallego*, 11/12/1933.

“Casa del Maestro”, *El Noticiero Gallego*, 25/12/1933.

“Centros de Colaboración Pedagógica. La Cañiza”, *Boletín Provincial de Educación*, 7 (1934).

Muntada Bach, José, “Misiones Pedagógicas en Galicia”, *Boletín Provincial de Educación*, 7 (1934).

“Casa del Maestro”, *El Noticiero Gallego*, 04/01/1934.

“Inspección de Primera Enseñanza”, *El País*, 21/04/1934.

Muntada Bach, José, "En otra Escuela pontevedresa. Una conquista de la Escuela Activa", *Boletín Provincial de Educación*, 13 (1935).

"Casa del Maestro", *El Noticiero Gallego*, 11/02/1935.

"Casa del Maestro", *El Noticiero Gallego*, 25/02/1935.

Ron, José, "Actividad societaria. La Casa del Maestro de Pontevedra. Primer año de actuación", *Escuela Vivida*, 09/05/1935.

*Escuela Vivida*, 16/10/1935.

#### ***Fontes documentais***

Abreviaturas:

AHPP: Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

#### ***Documentación***

AHPP. L-4032. *Actas*.

AHPP. L-7469. Casa del Maestro de Pontevedra. *Socios*.